

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 21 de febreiro de 2025
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas do día vinte e un de febreiro do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta e María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33804.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025.

2.33805.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE ARBO, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REPOSICIÓN MURO E MELLORA DE VIAL EN ABELENDA”. (Expte.2025005754)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 07/02/2025, mediante rexistro WEB2025007542, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do concello de ARBO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 100.148,63 euros, co obxecto do financiamento da actuación “*Reposición muro e mellora de vial en Abelenda*”, en base a un orzamento polo mesmo importe.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que non son precisas autorizacións sectoriais para executar a actuación.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 10/02/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 10/02/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/02/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Arbo*, CIF: P3600100F, unha subvención por importe de 100.148,63 € co obxecto do financiamento do investimento “*Reposición muro e mellora de vial en Abelenda*” (Expte.2025005754), cuxo orzamento ascende a 100.148,63 €.



- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Arbo*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.33806.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3).
(Expte.2025006123)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de 13/01/2025, con CSV: TQY CZWSDITF8WPKY, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE CALDAS DE REIS					
Data de presentación:			10/02/2025 (registro WEB2025007834)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	2 peóns de obra pública, 2 peóns de limpeza, 1 oficial de 1ª albanel, 1 condutor/a maquinista e 1 enxeñeiro/a forestal en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses	155.944,53 €	152.229,33 €	3.725,50 €	152.219,03 €

A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2025/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2025), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE CALDAS DE REIS	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	152.219,03 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 aprobadas en sesión plenaria do 27/12/2024, punto núm. 3.8316, e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2025.



- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.



- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.



Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2025/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Caldas de Reis (P3600500G)	7	<i>2 peóns de obra pública, 2 peóns de limpeza, 1 oficial de 1ª albanel, 1 condutor/a maquinista e 1 enxeñeiro/a forestal en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses</i>	152.219,03 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.



RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: R9ZAS6HPT9X4F9CV) e do informe de Intervención (CSV: BGXPG1QN0S5M1T7H), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Caldas de Reis* (CIF P3605000G) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2025 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Caldas de Reis (P3600500G)	7	2 peóns de obra pública, 2 peóns de limpeza, 1 oficial de 1ª albanel, 1 condutor/a maquinista e 1 enxeñeiro/a forestal en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses	152.219,03 €

Esta subvención concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación do acordo ou da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento financiarase con fondos propios do concello. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
 - O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2025 como máximo, cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Sexta das reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

- 2. Darlle Traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



4.33807.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CATOIRA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3). (Expte.2025006093)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2025.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de 13/01/2025, con CSV: TQYCWSDITF8WPKY, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE CATOIRA					
Data de presentación:		06/02/2025 (registro WEB2025007354)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
8	2 peóns de limpeza, 2 peóns forestais, 1 péon operario/a de rede de sumidoiro, 1 albanel (oficial 2ª), 1 condutor/a (oficial 2ª) en xornada de 30 h./sem. durante 8 meses e 1 auxiliar/axudante de museos en xornada de 27,5 h./sem. durante 7 meses	93.383,70 €	93.383,70 €	155,83 €	93.227,87 €



A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2025/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2025), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE CATOIRA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	93.227,87 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 aprobadas en sesión plenaria do 27/12/2024, punto núm. 3.8316, e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2025.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que o órgano instructor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.



- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

CONCLUSIÓN:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberán xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.



Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2025/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Catoira (P3601000G)	8	<i>2 peóns de limpeza, 2 peóns forestais, 1 péon operario/a de rede de sumidoiro, 1 albanel (oficial 2ª), 1 condutor/a (oficial 2ª) en xornada de 30 h./sem. durante 8 meses e 1 auxiliar/axudante de museos en xornada de 27,5 h./sem. durante 7 meses</i>	93.227,87 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 92X8MX473QWBCL2N) e do informe de Intervención (CSV: 09OW369MMTVSVEQQ), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Catoira* (CIF P3601000G) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2025 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Catoira (P3601000G)	8	2 peóns de limpeza, 2 peóns forestais, 1 péon operario/a de rede de sumidoiro, 1 albanel (oficial 2ª), 1 condutor/a (oficial 2ª) en xornada de 30 h./sem. durante 8 meses e 1 auxiliar/axudante de museos en xornada de 27,5 h./sem. durante 7 meses	93.227,87 €

Esta subvención concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación do acordo ou da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento financiarase con fondos propios do concello. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
 - O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2025 como máximo, cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Sexta das reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle Traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



5.33808.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE LALÍN, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2025, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “FESTAS DE LALÍN 2025”. (Expte.2025006276)

O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm.3.8316, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2025.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.

En data 12/02/2025, con rexistro núm.WEB2025008308, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2025, petición do Concello de Lalín na que solicita unha subvención por importe de 90.493,04 euros con destino ao financiamento de “Festas de Lalín 2025” (Expte.2025006276), cun orzamento polo mesmo importe.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente.

- Base 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes.

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 12/02/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/02/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Lalín*, CIF:P3602400H, a cantidade de 90.493,04 €, con destino ao financiamento de “*Festas de Lalín 2025*” (Expte.:2025006276), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.3.8316 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 27 de decembro de 2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2025 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2026. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Lalín*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.



6.33809.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE LALÍN AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3). (Expte.2025006075)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de 13/01/2025, con CSV: TQY CZWSDITF8WPKY, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:CONCELLO DE LALÍN					
Data de presentación:		06/02/2025 (registro WEB2025007335)			
Data emenda da solicitude:		11/02/2025 (registro WEB2025008107)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
16	<i>1 auxiliar de información turística, 1 condutor/a de motoniveladora, 2 condutores/as de tractor desbrozadora e 8 peóns de obras públicas a xornada completa durante 9 meses e 4 peóns forestais a xornada completa durante 7 meses</i>	327.797,46 €	316.153,77 €	11.643,69 €	316.153,77 €

A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2025/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2025), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE LALÍN	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	339.389,92 €



Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 aprobadas en sesión plenaria do 27/12/2024, punto núm. 3.8316, e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2025.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.



- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que o órgano instructor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente.

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

CONCLUSIÓN:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes.



Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2025/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Lalín (P3602400H)	16	<i>1 auxiliar de información turística, 1 condutor/a de motoniveladora, 2 condutores/as de tractor desbrozadora e 8 peóns de obras públicas a xornada completa durante 9 meses e 4 peóns forestais a xornada completa durante 7 meses</i>	316.153,77 €



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: R9ZAS6HPT9X4F9CV) e do informe de Intervención (CSV: MYFEGEPY9XT7HEO), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Lalín* (CIF P3602400H) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2025 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Lalín (P3602400H)	16	<i>1 auxiliar de información turística, 1 condutor/a de motoniveladora, 2 condutores/as de tractor desbrozadora e 8 peóns de obras públicas a xornada completa durante 9 meses e 4 peóns forestais a xornada completa durante 7 meses</i>	316.153,77 €

Esta subvención concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional



novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación do acordo ou da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento financiarase con fondos propios do concello. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
 - O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2025 como máximo, cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Sexta das reguladoras do Plan +Provincia 2025.



- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

7.33810.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A LAMA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3). (Expte.2025006103)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2025.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de 13/01/2025, con CSV: TQY CZWSDITF8WPKY, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características: CONCELLO DA LAMA					
Data de presentación:		07/02/2025 (registro WEB2025007530)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	3 operarios/as de movemento de terras e 4 peóns forestais en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 1 peón operativo/a de limpeza e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 20 h./sem. durante 9 meses	114.223,14 €	114.223,14 €	1.587,95 €	112.635,19 €



A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2025/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2025), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DA LAMA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	112.635,19 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 aprobadas en sesión plenaria do 27/12/2024, punto núm. 3.8316, e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2025.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2025/942.9425.462.03.



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Lama, A (P3602500E)	9	<i>3 operarios/as de movemento de terras e 4 peóns forestais en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 1 peón operario/a de limpeza e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 20 h./sem. durante 9 meses</i>	112.635,19 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 7656MAC9DJWS2EXE) e do informe de Intervención (CSV: 9TPHAK8TM2NT9RYZ), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de A Lama* (CIF P3602500E) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2025 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Lama, A (P3602500E)	9	<i>3 operarios/as de movemento de terras e 4 peóns forestais en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 1 peón operario/a de limpeza e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 20 h./sem. durante 9 meses</i>	112.635,19 €



Esta subvención concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación do acordo ou da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento financiarase con fondos propios do concello. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.



- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2025 como máximo, cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Sexta das reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle Traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

8.33811.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MEIS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3). (EXPTE.2025006099)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2025.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de 13/01/2025, con CSV: TQYCZWSDITF8WPKY, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE MEIS					
Data de presentación:			06/02/2025 (registro WEB2025007439)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	3 peóns de obras públicas, 1 fontaneiro/a, 1 albanel, 1 electricista e 1 pintor/a a xornada completa durante 8 meses	109.961,12 €	107.112,88 €	2.939,50 €	106.751,62 €

A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2025/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2025), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE MEIS	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	106.751,62 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 aprobadas en sesión plenaria do 27/12/2024, punto núm. 3.8316, e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2025.



- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.



- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

CONCLUSIÓN:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberán xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.



Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2025/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Meis (P3602800I)	7	<i>3 peóns de obras públicas, 1 fontaneiro/a, 1 albanel, 1 electricista e 1 pintor/a a xornada completa durante 8 meses</i>	106.751,62 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV HC5DNX4RXYHYWSXE) e do informe de Intervención (CSV: F0VX61CRKDDM812S), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Meis* (CIF P3602800I) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrncia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2025 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Meis (P3602800I)	7	3 peóns de obras públicas, 1 fontaneiro/a, 1 albanel, 1 electricista e 1 pintor/a a xornada completa durante 8 meses	106.751,62 €

Esta subvención concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación do acordo ou da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento financiarase con fondos propios do concello. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2025 como máximo, cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Sexta das reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



9.33812.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3).
(Expte.2025006132)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2025.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de 13/01/2025, con CSV: TQYCZWSDITF8WPKY, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO					
Data de presentación:		10/02/2025 (registro WEB2025007951)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	<i>1 técnico/a de turismo a xornada completa durante 6 meses; 2 peóns de construción, 5 peóns forestais e 1 peón de xardinería en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	84.207,45 €	84.207,45 €	24.118,42 €	60.089,03 €

A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2025/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2025), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.



CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO

LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	60.089,03 €
---	-------------

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS**Primeiro.- Réxime Xurídico:**

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 aprobadas en sesión plenaria do 27/12/2024, punto núm. 3.8316, e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2025.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:**I.- Instrución do expediente:**

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.



- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

CONCLUSIÓN:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberán xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.



Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2025/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Mondariz Balneario (P3603100C)	9	<i>1 técnico/a de turismo a xornada completa durante 6 meses; 2 peóns de construción, 5 peóns forestais e 1 peón de xardinería en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	60.089,03 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: J9NX30H29B6SJ AFC) e do informe de Intervención (CSV: HYDR2S0NWGBE1UWE), elévase a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Mondariz Balneario* (CIF P3603100C) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrência non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2025 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Mondariz Balneario (P3603100C)	9	<i>1 técnico/a de turismo a xornada completa durante 6 meses; 2 peóns de construción, 5 peóns forestais e 1 peón de xardinería en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	60.089,03 €

Esta subvención concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación do acordo ou da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento financiarase con fondos propios do concello. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2025 como máximo, cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Sexta das reguladoras do Plan +Provincia 2025.



- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

10.33813.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILA DE CRUCES AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3).
(Expte.2025006217)

Retírase da orde do día, pendente de mellor estudo, expediente relativo á “*Concesión dunha subvención ao Concello de Vila de Cruces ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2025 (líña 3).*”
(Expte.2025006217).

11.33814.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE POÑE Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024). (Expte.2024014818)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 07/02/2025 con CSV: CSU803DO08FO3IIB e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación antedito e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 11/02/2025 con CSV: YG30YICI16V1TF5S, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da “*Comunidade de usuarios de Poñe*” con CIF V36585248 á subvención concedida de 10.000,00 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).

A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 € previamente comprometido na aplicación 2025/942.4590.789.07.24.



12.33815.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE FONTEBALÁN Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024).
(Expte.2024014784)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 07/02/2025 con CSV: 8NOGQRRWEHLKHZ2 e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación antedito e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 11/02/2025 con CSV: 130OYZKS43ZJ7633, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da “Comunidade de usuarios de Fontebalán” con CIF V36307213 á subvención concedida de 10.000,00 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).
A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 € previamente comprometido na aplicación 2025/942.4590.789.07.24.

13.33816.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE PRESA DAS FONTES Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024).
(Expte.2024014769)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 07/02/2025 con CSV: OQNICWGB2BH4W36M e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación antedito e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 11/02/2025 con CSV: WO77TXV0OF1GJFKJ, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da “Comunidade de usuarios de Presa das fontes” con CIF G36371839 á subvención concedida de 10.000,00 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).



A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 € previamente comprometido na aplicación 2025/942.4590.789.07.24.

14.33817.- MODIFICACIÓN DO DOCUMENTO TÉCNICO DA COMUNIDADE DE USUARIOS DO MANANCIAL DA BRAÑA RELATIVO AO INVESTIMENTO “INSTALACIÓN DE NOVA TUBAXE DE DISTRIBUCIÓN” NO MARCO DO PLAN +AQUA 2024. (Expte.2024014551)

ANTECEDENTES

- Mediante o acordo da Xunta de Goberno número 7.34181 de data 06/09/2024, concedeuse unha subvención, ao abeiro do Plan +AQUA 2024, por importe de 10.000,00 euros á comunidade de usuarios do manancial da Braña co obxecto do financiamento do investimento “instalación de nova tubaxe de distribución” (expediente: 2024014551), en base a un orzamento de 38.280,93 €.
- En data 27/01/2025 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co rexistro número WEB2025004948, instancia do comunidade de usuarios do manancial da Braña na que solicita a modificación do documento técnico da actuación mencionada no parágrafo anterior.
- Na nova memoria técnica indícanse con claridade os traballos a realizar e motívase a necesidade do cambio nas melloras substanciais sobre o proxecto inicial, que supoñen unha optimización tanto en termos ambientais como de eficiencia e viabilidade a longo prazo, tamén se evita a manipulación de materiais bituminosos, reducíndose a xeración de residuos contaminantes.
- Como consecuencia da modificación é precisa a autorización do departamento territorial da consellería do medio rural de Pontevedra. Solicitude xa aportada no expediente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan +AQUA 2024.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral) - Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan +AQUA 2024, relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª das de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base 17ª do Plan +AQUA 2024, reguladora da modificación da resolución de concesión.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do comunidade de usuarios do manancial da Braña de modificación do documento técnico correspondente a actuación “Instalación de nova tubaxe de distribución” (expediente: 2024014551) e para a cal foi concedida, no marco do Plan +AQUA 2024 (BOPPO: 20/12/2023) unha subvención por importe de 10.000,00 €, axústase ás consideracións xurídicas expostas.

A modificación supón unha mellora substancial do proxecto inicial en termos de sustentabilidade ambiental, eficiencia de recursos e planificación estratéxica a longo prazo. Así mesmo, non se altera a puntuación obtida por aplicación dos criterios de concesión, nin se prexudican dereitos de terceiros. Tampouco se varía o destino ou finalidade da subvención, tal e como se recolle na base reguladora décimo sétima “modificación da resolución de concesión”

Visto que o facultativa técnica do Servizo de Infraestruturas e Vías emitíu en data 10/02/2025, informe favorable de supervisión e control do documento descritivo das actuacións a levar a cabo (CSV: YMOQ3UJSJIEBNAN3).

Visto que se cumpren os requisitos recollidos no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a tramitación deste expediente e **PROPOÑO** que se autorice a modificación do documento técnico relativo ao investimento “Instalación de nova tubaxe de distribución” (Expte.2024014551), que conta cun orzamento total de 38.280,93 euros. Como consecuencia da modificación, a subvención deberá quedar



condicionada a obtención das autorizacións sectoriais pertinentes, sendo necesaria a súa remisión xunto coa primeira xustificación.

RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio. “

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado e visto informe da Intervención provincial, de data 13/02/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A modificación do documento técnico da *Comunidade de usuarios do manancial da Braña* relativo ao investimento “Instalación de nova tubaxe de distribución” no marco do Plan +AQUA 2024 que ha de rexer a execución do investimento. Esta modificación non supón variación económica respecto do orzamento do proxecto inicial e, polo tanto, tampouco do importe subvencionado na xunta de goberno número 7.34181 de data 06/09/2024.
- Deixar en dispoñible no proxecto de gasto correspondente e na aplicación orzamentaria 25/942.4590.789.07.24 crédito por importe de 10.000,00 € con destino a nova proposta de inversión que pretende acometer a comunidade de usuarios do manancial da Braña (CIF: G70774542).
- Lembrar que a, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +AQUA 2024 (BOPPO: 20/12/2023), aprobadas Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023 e á demais lexislación vixente de subvencións, así como que a obra deberá estar executada e xustificada a día 06/03/2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo á *Comunidade usuarios do manancial da Braña* (CIF: G70774542), á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

15.33818.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-1202 SEIXO-SAN TOMÉ DE PIÑEIRO, DENDE O P.Q. 0+800 AO P.Q. 3+050 (CONCELLO DE MARÍN)”. (Expte.2024059095)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.



Resultando.- Que a E.P. 1202 Seixo-Santo Tomé de Piñeiro que percorre o termo municipal de Marín pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 5.155 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada no tramo comprendido dende o P.Q. 0+800 ó P.Q. 3+050 resulta necesario proceder a reposición das características superficiais do firme e a restitución da capacidade portante do mesmo mediante a reposición das características superficiais dos firmes, mellora da drenaxe lonxitudinal, e operacións complementarias da reposición da sinalización vertical e horizontal afectada, dando así restitución de un correcto servizo para todo o vial.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por Dona María Belén Pampín Camino, enxeñeira adscrito ó Servizo de Infraestruturas, o proxecto de “*Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)*” cun orzamento base de licitación de 608.455,43 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: EVTTQJW0G0T7OIJ4.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)*”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12025000005256 por importe de 608.455,43 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01.2024 certificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 410KYS8CEQFLOAYJ, informe favorable de supervisión do proxecto, emitido por D. Eduardo Artime Rial, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse dunha obra de renovación do firme e as reparacións necesarias nel son consecuencia do natural ou normal uso das estradas.



Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a drenaxe e pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado NON se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a *adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...*”.

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)*” redactado pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Belén Pampín Camino, cun orzamento base de licitación de 608.455,43 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: EVTTQJW0G0T7OIJ4.

16.33819.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A “ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO DO SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DA CAMPAÑA ANUAL DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO 2025”. (Expte.2024068089)

O Plan Estratéxico Rías Baixas Turismo 61 da Provincia de Pontevedra configúrase como unha ferramenta fundamental para levar a cabo unha serie de accións que teñen como obxectivo apoiar e fortalecer o posicionamento da provincia de Pontevedra como un destino turístico competitivo, sostible e diversificado, buscando cohesionar a oferta turística dos 61 concellos, promover a sustentabilidade e destacar a singularidade de marca Rías Baixas tanto a nivel nacional como internacional, con actuacións prioritarias para os mercados consolidados e novos que se consideren estratéxicos para o destino, así como as canles de promoción a empregar.



Segundo o establecido no citado Plan, esta campaña de comunicación e promoción ten por finalidade a promoción dos recursos turísticos de destino Rías Baixas mediante accións dirixidas á consolidación do posicionamento como un destino de referencia a nivel estatal e incrementar a captación de turistas e visitantes de diferentes mercados, seguindo os eixos estratéxicos fundamentais que abarcan varias áreas de acción:

Os traballos para realizar obxecto do contrato son necesarios para a prestación dun servizo que é competencia do servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra, como é a promoción do destino e para o seu desenvolvemento require de medios materiais e humanos necesarios para poder levalos a cabo con todas as garantías e seguridade precisas. Polo que é necesario acudir a empresas do sector que posúan capacidade para realizar este tipo de servizo, debido á non disposición dos medios necesarios, por parte da Deputación de Pontevedra e á non necesidade de ampliar os medios propios, técnicos e humanos.

En base ao exposto, pola Deputada delegada de Turismo ditouse providencia de inicio para a contratación do servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino 2025. O contrato proposto ten un prazo de duración dende a súa formalización ata o 31/12/2025, coa posibilidade de 3 prórrogas anuais, e un orzamento base de licitación de 232.930,01 € sen IVE. Xunto coa providencia, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 11/12/2024, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos e o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario segundo o artigo 131.2 da LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 11/12/2024., solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 27/12/2024.

Visto que con data 09/01/2025, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Visto que con data 14/02/2025 emítese informe favorable pola intervención informando asimesmo que *“Existen certificados de existencia de crédito, RC núm. 12025000001945 por importe de 222.661,16 € (Xestión e coordinación e accións de promoción) e RC núm. 12025000001946 por importe de 94.271,11 € (Accións específicas).*

Nas aplicacións 25/433.4320.226.02 e 25/433.4320.226.20 do vixente orzamento provincial, existe consignación adecuada e suficiente para facer fronte a este gasto.”



Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino 2025.

O prazo de duración será de dende a súa formalización ata o 31/12/2025, coa posibilidade de 3 prórrogas anuais, e un orzamento base de licitación de 232.930,01 € sen IVE. O valor estimado é de 1.047.701,28 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: M0O99SO8HC7DPE8O) e de prescricións técnicas (CSV: Y694ZM2N2S9HT85U) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 316.929,64 €, dos cales a cantidade de 222.658,53 € irá con cargo á aplicación orzamentaria 25/433.4320.226.02 do vixente orzamento provincial, e a cantidade de 94.271,11 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/433.4320.226.20.

4.- Nomear responsable do contrato a técnica de Turismo Rías Baixas Elina González Álvarez.



5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde o día seguinte a remisión do anuncio de licitación a oficina de publicacións da Unión Europea para a súa publicación no DOUE.

17.33820.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO “SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”.
(Expte.2023051458)

Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 16 de febreiro de 2024, acordou admitir ás seguintes empresas na *Categoría I: Vestiario laboral e equipos de protección individual / Categoría II: Uniformidades e complementos* do sistema dinámico de adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra:

Categoría I: Vestiario laboral e equipos de protección individual.

1. Ankara City Tres, S. L. (NIF: B85679884)
2. Blinker, S.A.U. (NIF: A03813474)
3. Comercial Integral Especialistas Suministros, S.L. (NIF: B36916377)
4. Costa Oeste del Atlantico, S.L. (NIF: B36946002)
5. Dress-Work, S.L.U. (NIF: B97359988)
6. Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820)
7. Peycar Pontevedra, S.L. (NIF: B36112043)
8. Rafitextil Dtt 3.8 Sl (NIF: B14546980)
9. Suministros Punto Fijo S.L. (NIF: B27815539)
10. Würth España, S.A. (NIF: A08472276)
11. Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741)
12. Gsi Dotacion Industrial, S.L. (NIF: B36352235)
13. Suministros Industriales Incomer Sl (NIF: B87442570)

Categoría II: Uniformidades e complementos

1. Ankara City Tres, S. L. (NIF: B85679884)
2. Blinker, S.A.U. (NIF: A03813474)
3. Costa Oeste del Atlantico, S.L. (NIF: B36946002)
4. Dress-Work, S.L.U. (NIF: B97359988)
5. Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820)
6. Rafitextil Dtt 3.8 Sl (NIF: B14546980)
7. Suministros Punto Fijo S.L. (NIF: B27815539)
8. Suministros Industriales Incomer SL (NIF: B87442570)



Tendo en conta que as empresas admitidas formalizaron o contrato en documento administrativo, con data 22 de marzo de 2024, cunha duración dunha anualidade desde o 1 de abril de 2024, establecéndose a posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.

Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 21 de xuño de 2024 acordou declarar o abandono das empresas Ankara City Tres, S. L. (NIF: B85679884), Comercial Integral Especialistas Suministros, S.L. (NIF: B36916377), Costa Oeste del Atlántico, S.L. (NIF: B36946002) e Würth España, S.A. (NIF: A08472276) do sistema dinámico para a adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra.

Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 06 de setembro de 2024 acordou declarar o abandono das empresas Blinker, S.A.U. (NIF: A03813474), Dress-Work, S.L.U. (NIF: B97359988), Rafitextil Dtt 3.8 SL (NIF: B14546980) e Suministros Industriales Incomer SL (NIF: B87442570) do sistema dinámico para a adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra.

Visto o informe do responsable do sistema dinámico de adquisición, de data 27 de xaneiro do 2025 (CSV: XODJHSQ5FVCCJG64), de acordo o cal na actualidade a execución do sistema dinámico de adquisición vense desenvolvendo de acordo co pactado, e segundo o previsto nos pregos que rexen a devandita contratación, polo que non se advirten incumprimentos por parte das empresas participantes no SDA que xustifiquen a improcedencia da prórroga.

De conformidade coa cláusula 4 do prego de cláusulas económico administrativas, o Sistema Dinámico de Adquisición prevé a posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.

Tendo en conta o artigo 29.2 LCSP, que permite que o contrato poda prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Así mesmo, establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato ás empresas adheridas ao sistema dinámico de adquisición en data 15 de xaneiro de 2025 (data de comparecencia: 15/01/2025 e 20/01/2025), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do sistema dinámico de adquisición.



Resultando que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 10 de febreiro do 2025 (CSV: 5Z99GIH9PKPEMJ), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do sistema dinámico de adquisición, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga do sistema dinámico de adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra por unha anualidade, desde o 01 de abril de 2025 ata o 31 de marzo de 2026.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 1 de abril de 2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do “Sistema Dinámico de Adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra” do que forman parte na categoría I ás empresas Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741), Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820), Gsi Dotacion Industrial, S.L. (NIF: B36352235), Peycar Pontevedra, S.L. (NIF: B36112043) e Suministros Punto Fijo S.L. (NIF: B27815539); e para a categorías II ás empresas Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820) e Suministros Punto Fijo S.L. (NIF: B27815539), durante o período que vai desde o 01 de abril de 2025 ata o 31 de marzo de 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

A adxudicación dos contratos específicos que deriven deste sistema serán financiados con cargo ás respectivas aplicacións orzamentarias segundo o centro xestor de que se trate, previa licitación e acreditación da existencia de crédito.

A prórroga deste sistema dinámico de adquisición non compromete crédito xa que unicamente regula as condicións para a adxudicación de contratos específicos no mesmo durante a súa vixencia. Será con ocasión da adxudicación dos contratos específicos cando deberá, previamente, autorizarse e comprometerse o gasto.

Para atender o gasto dos contratos específicos do presente sistema dinámico de adquisición deberá existir crédito adecuado e suficiente segundo o límite máximo de gasto que figure na documentación preparatoria do mesmo.



18.33821.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO “SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN DA ALIMENTACIÓN DO GANDO VACÚN DA FINCA MOURISCADÉ”.
(Expte.2023065088)

Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 16 de febreiro de 2024, acordou admitir ás empresas que se relacionan a continuación nas seguintes categorías do Sistema Dinámico de Adquisición da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscadé:

Categoría I, Mesturas de materias primas:

- Aira S.Coop.Galega (NIF: F27317593)
- Severiano Agrocomercial S.L.U. (NIF: B15790298)

Categoría II, Pensos ensacados:

- Aira S.Coop.Galega (NIF: F27317593)
- Severiano Agrocomercial S.L.U. (NIF: B15790298)

Categoría III, Forraxes: palla, alfalfa, veza.

- Cofocyl, S.L. (NIF: B47432794)
- Severiano Agrocomercial S.L.U. (NIF: B15790298)

Categoría IV, Penso mineral complementario:

- Aira S.Coop.Galega (NIF: F27317593)
- Nutrinieto S.L.U. (NIF: B94088457)
- Severiano Agrocomercial S.L.U. (NIF: B15790298)

Tendo en conta que as empresas admitidas formalizaron o contrato en documento administrativo, con data 22 de marzo de 2024, cunha duración dunha anualidade desde o 1 de abril de 2024, establecéndose a posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.

Visto o informe da responsable do sistema dinámico de adquisición, de data 20 de xaneiro do 2025 (CSV: GO9IVELE0T11VOWV), de acordo o cal na actualidade a execución do sistema dinámico de adquisición vense desenvolvendo de acordo co pactado, e segundo o previsto nos pregos que rexen a devandita contratación, polo que non se advirten incumprimentos por parte das empresas participantes no SDA que xustifiquen a improcedencia da prórroga.

De conformidade coa cláusula 4 do prego de cláusulas económico administrativas, o Sistema Dinámico de Adquisición prevé a posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.



Tendo en conta o artigo 29.2 LCSP, que permite que o contrato poda prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Así mesmo, establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato ás empresas adheridas ao sistema dinámico de adquisición en data 14 de xaneiro de 2025 (datas de comparecencia: 14/01/2025, 15/01/2025 e 16/01/2025), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do sistema dinámico de adquisición.

Resultando que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 10 de febreiro do 2025 (CSV: 3LHR1ZAPGYWKZ29B), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do sistema dinámico de adquisición, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do sistema dinámico de adquisición da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade por unha anualidade, desde o 01 de abril de 2025 ata o 31 de marzo de 2026.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de abril de 2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do *“Sistema Dinámico de Adquisición da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade”* do que forman parte na categoría I e II ás empresas Aira S.Coop.Galega (NIF: F27317593) e Severiano Agrocomercial S.L.U. (NIF: B15790298); na categoría III ás empresas Cofocyl, S.L. (NIF: B47432794) e Severiano Agrocomercial S.L.U. (NIF: B15790298); e na categoría IV ás empresas Aira S.Coop.Galega (NIF: F27317593), Nutrinieto S.L.U. (NIF: B94088457) e Severiano Agrocomercial S.L.U. (NIF: B15790298), durante o período que vai desde o 01 de abril de 2025 ata o 31 de marzo de 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



A adxudicación dos contratos específicos que deriven deste sistema serán financiados con cargo ás respectivas aplicacións orzamentarias segundo o centro xestor de que se trate, previa licitación e acreditación da existencia de crédito.

A prórroga deste sistema dinámico de adquisición non compromete crédito xa que unicamente regula as condicións para a adxudicación de contratos específicos no mesmo durante a súa vixencia. Será con ocasión da adxudicación dos contratos específicos cando deberá, previamente, autorizarse e comprometerse o gasto. Para atender o gasto dos contratos específicos do presente sistema dinámico de adquisición deberá existir crédito adecuado e suficiente segundo o límite máximo de gasto que figure na documentación preparatoria do mesmo.

19.33822.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO, FORMALIZADO COA EMPRESA NOROESTE LOCAL S.L., QUE REXE O “SERVIZO DE COLABORACIÓN TÉCNICA E ADMINISTRATIVA EN TAREFAS DERIVADAS DA INSPECCIÓN DE TRIBUTOS LOCAIS DELEGADA NO ORAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2022053659)

Na sesión ordinaria do día 03 de febreiro de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de “*Servizo de colaboración técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais delegada na Deputación de Pontevedra-ORAL*” á empresa NOROESTE LOCAL SL (NIF: B36555027), polos prezos unitarios e valores reflexados no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo, de data 20 de marzo de 2023, sendo o prazo de duración de dous anos desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Con data 28 de xaneiro de 2025, a responsable do contrato emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 20 de marzo do 2025 ata o 19 de marzo do 2026.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 05 de novembro de 2024 (data de comparecencia: 05/11/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.



Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 29 de xaneiro do 2025, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 202500018962, polo importe de 129.235,62 euros, con cargo á vinculación da aplicación orzamentaria 25/932.9320.227.60, e documento de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 202500018966, polo importe de 35.972,79 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/932.9320.227.60, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2025 e 2026.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 10 de febreiro do 2025 (CSV: 1U5Y4I42FR7ITMZW), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga do contrato de “Servizo de colaboración técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais delegada na Deputación de Pontevedra-ORAL” por un ano, desde o 20 de marzo do 2025 ata o 19 de marzo do 2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 20 de marzo do 2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a primeira prórroga do contrato para a prestación do “Servizo de colaboración técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais delegada na Deputación de Pontevedra-ORAL” subscrito coa empresa NOROESTE LOCAL SL (NIF: B36555027), durante o período desde o 20 de marzo do 2025 ata o 19 de marzo do 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2025	25/932.9320.227.60	129.235,62 €
2026	26/932.9320.227.60	35.972,79 €



O importes do gasto correspondente á anualidade 2026 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

20.33823.- APROBACIÓN DA TERCEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO, FORMALIZADO COA EMPRESA ESPIRAL XESTIÓN CULTURAL S.L., QUE REXE O “SERVIZO DE XESTIÓN DO CASTELO DE SOBROSO”.
(Expte.2021036804)

Na sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de xestión do Castelo de Sobroso* á empresa Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B94054954), polos prezos e valores ofertados conforme ao seguinte detalle:

Prezo:

Prezo sen IVE:	109.800,00 €
IVE (21%):	23.058,00 €
Prezo total:	132.858,00 €

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 04 de abril de 2022 e o prazo de duración é dun ano a contar desde a data que figure na correspondente acta de inicio, con posibilidade de tres prórrogas dun ano de duración cada unha delas.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordos adoptados nas súas sesións ordinarias de data 17 de febreiro de 2023 e data 9 de febreiro de 2024, a primeira e segunda prórroga do contrato de “Servizo de xestión do Castelo de Sobroso”, tendo vixencia a última delas ata o 04 de abril de 2025, e permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 20 de xaneiro de 2025, a Xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, coa conformidade da deputada delegada, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 05 de abril do 2025 ata o 4 de abril do 2026.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.



Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 13 de xaneiro de 2025 (data de comparecencia: 14/01/2025), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 24 de xaneiro do 2025, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 202500016233, polo importe de 98.167,30 euros, con cargo á vinculación da aplicación orzamentaria 25/433.3363.227.99, e documento de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 202500016234, polo importe de 34.690,70 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/433.3363.227.99, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2025 e 2026.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 10 de febreiro do 2025 (CSV: K1K5C6AJGSXOUBPV), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de terceira prórroga do contrato de servizo de xestión do Castelo de Sobroso por un ano, desde o 05 de abril do 2025 ata o 04 de abril do 2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 05 de abril do 2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a terceira prórroga do contrato para a prestación do “*Servizo de xestión do Castelo de Sobroso*” subscrito coa empresa Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B94054954), durante o período desde o 05 de abril do 2025 ata o 04 de abril do 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2025	25/433.3363.227.99	98.167,30 €
2026	26/433.3363.227.99	34.690,70 €



O importe do gasto correspondente a anualidade 2026 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.

21.33824.- APROBACIÓN DA TERCEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO, FORMALIZADO COA EMPRESA ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS S.L., QUE REXE O “SERVIZO DE CREATIVIDADE E LANZAMENTO DA CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO RÍAS BAIXAS”. (Expte.2021038283)

Na sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas* á empresa Esmerarte Industrias Creativas SLU (NIF: B-27786045), polos valores ofertados conforme ao detalle reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 05 de abril de 2022 e o prazo de duración é de un ano a contar desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordos adoptados nas súas sesións ordinarias de data 17 de febreiro de 2023 e data 09 de febreiro de 2024, a primeira e segunda prórroga do contrato de “Servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas”, tendo vixencia a última delas ata o 4 de abril de 2025, e permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 15 de xaneiro de 2025, a Xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, coa conformidade da deputada delegada, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 5 de abril do 2025 ata o 4 de abril do 2026.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 13 de xaneiro de 2025 (data de comparecencia: 13/01/2025), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.



Tendo en conta que, con data 24 de xaneiro do 2025, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 202500016228, polo importe de 62.024,60 euros, con cargo á vinculación da aplicación orzamentaria 25/433.4320.227.75, e documento de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 202500016230, polo importe de 75.358,80 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/433.4320.227.75, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2025 e 2026.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 11 de febreiro do 2025 (CSV: FHZF7SD7BCDS8HFS), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de terceira prórroga do contrato de servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas por un ano, desde o 05 de abril do 2025 ata o 4 de abril do 2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 05 de abril do 2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a terceira prórroga do contrato para a prestación do “Servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas” subscrito coa empresa Esmerarte Industrias Creativas SLU (B27786045), durante o período desde o 5 de abril do 2025 ata o 04 de abril do 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2025	25/433.4320.227.75	62.024,60 €
2026	26/433.4320.227.75	75.358,80 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2026 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.



22.33825.- CAMBIO DIRECTOR DA OBRA “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-0405 A XESTEIRA-ALMOFREI, P.Q. 0+000 AO P.Q. 1+500 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE)”. (Expte. 2023042335)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/01/2024 acordou nomear director da obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)” o enxeñeiro adscrito Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra D. Jaime Ruibal de Sola.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 7VUQZOCL12KX4RWQ escrito do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais, solicitando un cambio de nomeamento na dirección da obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”, por motivos de organización do departamento técnico, proponendo para exercer dita labor ó enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais D. José Domínguez Fernández.

Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: “*Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou director facultativo, a quen lle corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP...*”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Autorizar o cambio da dirección da obra, “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, deixando sen efecto dende a data de adopción deste acordo o nomeamento de D. Jaime Ruibal de Sola.
2. Nomear director da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*” ó enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. José Domínguez Fernández”

23.33826.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO TREITO ANTIGO DA EP-5201 ARBO-CABEIRAS-BARCELA, NA CONTORNA DA IGREXA DE SAN SEBASTIÁN DE CABEIRAS (CONCELLO DE ARBO)”. (Expte.2024053636)

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.



Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona que transcorre polo Concello de Arbo e ten un treito antigo xunto a igrexa de San Sebastián de Cabeiras.

Resultando.- Que a E.P. 5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona é unha estrada provincial de 4.192 m de lonxitude. Entre o PQ 2+380 e o PQ 2+450 desta estrada existe un treito antigo de 268 metros de lonxitude que transcorre xunto a igrexa de San Sebastián de Cabeiras. Trátase dun treito de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo do treito atopamos unha estrada con sección de plataforma moi irregular, sen espazos adecuados para o tránsito peonil, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.

Resultando.- Que debido ó mencionado anteriormente, a Deputación de Pontevedra promove a execución das obras contempladas no proxecto “*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da E.P. 5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da igrexa de San Sebastián de Cabeiras*”, coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 10 de maio de 2024 aprobou o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Arbo para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da E.P. 5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da igrexa de San Sebastián de Cabeiras*”. Con data 29 de maio de 2024 formalizouse o devandito convenio coa sinatura das partes intervinientes

Resultando.- Que a tal fin redáctase polos técnicos D. Ignacio Teijeiro Calvo, D. Pedro Aymerich Iglesias e D. Francisco Rivas Barros adscritos á empresa OTIMA, S.L. o proxecto para a execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)*”, cun orzamento base de licitación de 416.064,84 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) ZMLA0ALAJ3RDQ0JE.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)*”, por importe de 416.064,84 €, IVE incluído.



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 332.851,87 €, con número de operación 202400091096 con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02.2023 do vixente orzamento provincial e RC por importe de 83.212,97 € con número de operación 202400198495 con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial, acreditando a existencia de crédito para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 04/10/2024 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP- 5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)” redactado polos técnicos Francisco Rivas Barros, Ignacio Teijeiro Calvo e Pedro Iglesias Aymerich, adscritos á empresa OTIMA, S.L, cun orzamento base de licitación de 416.064,84 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) ZMLA0ALAJ3RDQ0JE.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 15 de novembro de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 18 de novembro de 2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 12/12/2024 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO
- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
- PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.



A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas Públicas, con data 13 de xaneiro de 2025, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	16,00	2,00	18,00
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	2,00	16,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	3,00	21,00
NAROM, S.L.	12,00	3,00	15,00
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	18,00	2,00	20,00
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	12,00	3,00	15,00

A Mesa de Contratación na súa reunión de data 16 de xaneiro de 2015, en base ó informe do enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas Públicas, Don Jaime Ruibal de Sola de data 13 de xaneiro de 2025, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)*".

Na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, deste procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.	329.860,33 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	319.716,60 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	313.664,75 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	318.203,64 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	340.416,69 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	316.621,90 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	305.990,72 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	325.871,61 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

En virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta, polo que NON debe de ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.



De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 06/02/2025, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACION SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	13,83	10,00	10,00	5,00	38,83
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	23,51	10,00	10,00	5,00	48,51
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	28,96	10,00	10,00	5,00	53,96
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	24,88	10,00	10,00	5,00	49,88
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	3,40	10,00	10,00	5,00	28,40
NAROM, S.L.	26,30	10,00	10,00	5,00	51,30
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	17,77	10,00	10,00	5,00	42,77

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación acordou propor o órgano de contratación, aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *"Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)"*, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	53,96	76,96
2	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	18,00	48,51	66,51
3	NAROM, S.L.	15,00	51,30	66,30
4	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	49,88	65,88
5	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	25,00	38,83	63,83
6	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	15,00	42,77	57,77
7	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	21,00	28,40	49,40



Resultando. Que en virtude clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “obra “*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)*” á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A., por un importe de 379.534,35 € IVE incluído.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 182) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. para que aportaran a documentación xustificativa, esta aportou a mesma constituíndo na Tesourería da Deputación Pontevedra, garantía definitiva por importe de 15.683,24 €, segundo queda acreditado en carta de pago que consta no expediente con CSV: 4WGAAZ017JUECLS1.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: *“...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”*

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluír deste procedemento a oferta presentada pola ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., pois a súa oferta contén valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.



2. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A, (CIF A36008886) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)*”, por un importe de 379.534,35 €, IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado313.664,75 €

IVE (21%)65.869,60 €

Importe Total..... 379.534,35 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de CATRO (4) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 25/456.4530.612.02.2023 e 25/456.4530.612.02.2024

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024053636.

3. Nomear directora de obra á enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María del Mar González Estévez.



24.33827.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A “CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DO IDAE NUM PR D5000-2021-000380 INSTALACIÓNS XEOTÉRMICAS SOSTIBLES II, DENTRO DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA INVERSIÓN EN PROXECTOS SINGULARES LOCAIS DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000) NO MARCO PRTR, DOS LOTES Nº1 INSTALACIÓN DE XERACIÓN TÉRMICA RENOVABLE MEDIANTE XEOTERMIA NA CASA DO CONCELLO DE A CAÑIZA, E LOTE Nº2 INSTALACIÓN DE XERACIÓN TÉRMICA RENOVABLE MEDIANTE XEOTERMIA NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE A ILLA DE AROUSA”. (Expte.2024045467)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 8/11/2024, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do contrato mixto de execución dos traballos do Proxecto IDAE num. PR-D5000-2021-000380 “Instalacións xeotérmicas sostibles II” dentro do programa de axudas para inversión en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa Dus 5000) no marco do PRTR comprende as seguintes actuacións:

lote	Denominación	Orzamento execución material (O.E.M)	Gastos xerais (13%)	Beneficio industrial (6%)	Orzamento base de licitación (PEM+GG+BI)	Orzamento execución x contrata (OBL+I.V.E)
1	Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia na casa do concello de A Cañiza.	148.300,00 €	19.279,00 €	8.898,00 €	176.477,00 €	213.537,17 €
2	Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia no centro sociocultural de A Illa de Arousa.	119.100,00 €	15.483,00 €	7.146,00 €	141.729,00 €	171.492,09 €
					318.206,00 €	385.029,26 €

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE en data 8/11/2024 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 10/11/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 12/12/2024, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, que son as seguintes:

	EMPRESAS	NIF	Lotes
1	Grundila S.L.	B32323370	1,2
2	Control de instalaciones de Vigo S.L.	B36809770	1,2



Con data 13 de decembro de 2024, faise un requirimento á empresa Control de Instalaciones Vigo, S.L. (B36809770) para que aportase unha documentación coa finalidade de que a mesa de contratación comprobase que non hai ningunha incompatibilidade, nin conflito de intereses na participación do procedemento. Non se recibe resposta por parte da empresa.

Consta no expte CIVIDAS, un informe do xefe do servizo de contratación sobre o posible conflito de intereses e incumplimento das condicións especiais de compatibilidade da empresa Control e Instalaciones Vigo S.L., co csv LROHGE9Q1EROTLYV., no que recolle as seguintes conclusións:

“1. Conflito de Intereses: Existe unha posible situación de conflito de intereses entre as empresas Control de Instalacións Vigo, S.L. e Enxeñería Solar e Geotérmica, S.L., debido a que ambas comparten o mesmo administrador. Isto podería comprometer os principios de imparcialidade e transparencia no procedemento de licitación, tal e como sinala o artigo 70 da LCSP.

2. Incumprimento das condicións especiais de compatibilidade: A non achega da documentación solicitada non permite comprobar que sexan empresas distintas ou non vinculadas, polo que hai indicios do posible incumprimento do artigo 70 Lcsp.

3. Falta de Resposta ao Requirimento: A falta de contestación por parte de Control de Instalacións Vigo, S.L. ao requirimento de documentación específica para esclarecer a posible concorrencia dun conflito de intereses, incumpre as obrigacións de colaboración necesarias para o proceso de contratación pública e podería conlevar a súa exclusión do procedemento, conforme ao disposto nos artigos 64 e 140 da LCSP.

4. Medidas de Garantía e Transparencia: Dado que non se acreditou a ausencia de conflito de intereses nin ausencia do incumprimento das condicións especiais de compatibilidade, xa que non se proporcionou a documentación requirida, a mesa de contratación deberá adoptar as medidas necesarias para garantir a igualdade de trato e a competencia efectiva, como o establece o artigo 326.2 da LCSP, podendo proceder á exclusión da empresa Control de Instalacións Vigo, S.L.”

O Enxeñeiro Alejandro Marín Gómez Nieves, en data 13/01/2025 emite informe de valoración da documentación técnica presentada (csv RECI208MQ90CS6RV), tendo en conta o informe do xefe do servizo de contratación, sendo as puntuacións obtidas pola empresa Grundila en cada lote as seguintes:

LOTE 1: INSTALACIÓN DE XERACIÓN TERMICA RENOVABLE MEDIANTE XEOTERMIA NA CASA DO CONCELLO DE A CAÑIZA					
Empresa	A. Memoria e programa de traballo (Máx.22 puntos)	B. Calidade dos compoñentes e innovación da instalación (Máx.9 puntos)	C. Solucións e plans de mantemento (Máx.6 puntos)	D. Plan de actuacións ambientais (Máx.3 puntos)	Puntuación total (Máx.40 puntos)
GRUNDILA S.L	12	9	3	1	25

LOTE 2: INSTALACIÓN DE XERACIÓN TERMICA RENOVABLE MEDIANTE XEOTERMIA NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE A ILLA DE AROUSA					
Empresa	A. Memoria e programa de traballo (Máx.22 puntos)	B. Calidade dos compoñentes e innovación da instalación (Máx.9 puntos)	C. Solucións e plans de mantemento (Máx.6 puntos)	D. Plan de actuacións ambientais (Máx.3 puntos)	Puntuación total (Máx.40 puntos)
GRUNDILA S.L	12	9	3	1	25



A Mesa de Contratación en data 16/01/2025, en base aos citados informes, acorda excluír a empresa Instalaciones Vigo S.L. de acordo coas conclusións do informe do xefe do servizo de contratación e presta conformidade as puntuacións da empresa Grundila S.L. que acada unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, para continuar co proceso selectivo e proceder a apertura do sobre C., sendo os valores ofertados os que constan no certificado da Mesa co csv FT53X5GSEXA63TOM.

A Mesa de Contratación na súa reunión de data 23/01/2024, procede a efectuar a ponderación dos valores ofertados de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas. As puntuacións totais acadadas pola empresa Grundila constan no certificado da mesa co csv 6UJ4XZAAXTAGARYD.

Unha vez examinada a oferta, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 23/01/2024 acordou, propor ao órgano de contratación, a exclusión da empresa Instalaciones Vigo S.L. de acordo coas conclusións do informe do xefe do servizo de contratación, aprobar a clasificación acadada pola oferta presentada pola empresa Grundila S.L., que concorre no procedemento aberto, de forma que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato dos lotes nº 1 e 2 a favor de Grundila S.L., polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2025000567, de data 27/01/2025 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require ó licitador que presenta a mellor oferta nos lotes nº 1 e 2, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

O licitador presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Registro entrada de data 10/20/2025 REX_WEB2025007917), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 8.823,85 € (carta de pago núm. operación 12025000019885), para o lote nº 1, e por importe de 7.086,45 € (carta de pago núm. operación 12025000019938), para o lote nº 2.

Visto que constan no expediente os documentos esixidos pola Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aos distintos suxeitos afectados nas distintas fases do contrato, incluídos os/as contratistas.

Asemade, de conformidade coa Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o órgano de contratación tivo acceso á ferramenta informática de datamining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, para a análise ex ante de risco de



conflito de interese. Realizada a consulta, non se detectou a existencia de risco de conflito de interese (bandeiras vermellas) nin potenciais beneficiarios para os que non conste información de titularidades ou que consten como falecidos (bandeiras negras).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir a empresa Control de Instalaciones de Vigo S.L. (B-36809770) xa que *non se acreditan a ausencia de conflito de intereses nin ausencia do incumprimento das condicións especiais de compatibilidade, xa que non se proporcionou a documentación requirida*, conclusións recollidas no informe co csv LROHGE9Q1EROTLYV.

2.- Adxudicar mediante procedemento aberto a Subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións xeotérmicas sostíbles II correspondentes co expediente PR5000-2021-000380 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia que comprende as seguintes actuacións: Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia na casa do concello de A Cañiza (lote nº 1), e no centro sociocultural de a Illa de Arousa (lote nº 2) á empresa a GRUNDILA .SL. (B32323370), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

Lote	Denominación	Importe sen IVE	21% de IVE	Importe IVE engadido
1	Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia na casa do concello de A Cañiza.	176.400,00€	37.044,00€	213.444,00€
2	Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia no centro sociocultural de A Illa de Arousa	141.700,00€	29.757,00€	171.457,00€
	Total	318.100,00€	66.801,00€	384.901,00€



3.- Prazo de garantía ofertado: lote n1: 36 meses; lote n2: 36 meses.

4.- Porcentaxe de control de calidade sobre o orzamento de execución material ofertado: lote n1: 1% ; lote n2: 1%.

Prazo de execución: tres meses a contar desde a firma da acta de comprobación de replanteo.

Financiación: O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 2025/942.1700.652.15.2023.do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: Fitos de facturación:

O pagamento efectuarase mediante abonos a conta a través de certificacións mensuais que comprendan a obra executada conforme ao proxecto durante dito período de tempo obtida das correspondentes medicións.

Nas certificacións de obra practicaranse as retencións correspondentes á porcentaxe de dirección de obra (4 % do orzamento de execución material, de acordo coa taxa por servizos facultativos que se prestan en obras provinciais e que aprobou o Pleno da Deputación na sesión do 27 de febreiro de 1998) e o control de calidade ofertado.

Estas retencións aplicaranse sobre o orzamento de execución material, que no caso de dirección de obra, será do orzamento de adxudicación, e, no caso de control de calidade, do orzamento de licitación.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024045467	
Órgano xestor:	LA0006138	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



Responsable do contrato: Alejandro Marín Gómez-Nieves, xefe de sección de proxectos do Servizo de Cooperación ou persoa na que delegue.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días hábiles contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

25.33828.- PRÓRROGA NO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DO “PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DO ANO 2024 AO CONCELLO DE FORCAREI”.
(Expte.2024012108)

1º Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 12 de xaneiro de 2024, aprobáronse as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais, para o ano 2024 (Convocatoria CSX_C/24) e foron publicadas no BOPPO núm.15 do 22 de xaneiro de 2024. O obxectivo desta convocatoria é o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014.

Na base décimo segunda da convocatoria contéplase a posibilidade de solicitar unha prórroga de maneira excepcional antes de que remate o mes de xaneiro para presentar a documentación xustificativa da convocatoria.

2º Mediante Resolución Presidencial de 19 de abril de 2024 e número RP2024003180 aprobase o gasto das seguintes cantidades, en función da contía solicitada e o orzamento dispoñible:

CONCELLO	PERSOAL	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	TOTAL
FORCAREI	19.506,10 €	27.057,85 €	46.563,95 €



3º Con data 31 de xaneiro de 2025 e número de rexistro 2025001455 a Alcaldesa do Concello de Forcarei presenta solicitude de prórroga para a xustificación do Plan de

Cofinanciamento de SS.SS. comunitarios municipais 2025 no que informa que carecen de persoal técnico de intervención que permita realizar as tarefas relacionadas con facturación e persoal así como que o procedemento para prover a praza está en curso para proceder a súa cobertura.

4º Segundo o establecido na antedita base decimo segunda da convocatoria “(...)O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 28 de febreiro de 2025, inclusive. Excepcionalmente poderase solicitar unha prórroga antes de que remate o mes de xaneiro. Logo de ser valoradas favorablemente as causas excepcionais que motivan a mencionada solicitude polo Servizo de Benestar Social e pola Intervención, poderá concederse unha prórroga da xustificación ata, como máximo, o 31 de marzo de 2025. Se non se achega a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado) requiriráselle á entidade beneficiaria a súa presentación no prazo improrrogable de 15 días. A falta de xustificación neste prazo excepcional implicará o inicio do expediente da perda da achega da Deputación(...).”

5º Con data 12 de febreiro de 2025 a Xefa do Servizo de Benestar Social valora favorablemente as causas excepcionais que motivan a solicitude de prórroga do Concello de Forcarei e solicita informe de Intervención.

6º Con data 13 de febreiro de 2025 Intervención amosa a súa conformidade á prórroga no prazo de xustificación do Plan de Cofinanciamento dos SS.SS. Comunitarios Municipais 2024 ao Concello de Forcarei.

Considerando que o órgano competente para a aprobación da prórroga no prazo de xustificación do Plan de cofinanciamento dos Servizos sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2024 ao Concello de Forcarei, é a Xunta de Goberno, ao ser o órgano que aprobou as bases reguladoras do antedito Plan.

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a prórroga no prazo de xustificación do Plan de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2024 ao *Concello de Forcarei* ata, como máximo, o 31 de marzo de 2025.

26.33829.- PRÓRROGA NO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DAS “AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DO ANO 2024 AO CONCELLO DE FORCAREI”.
(Expte.2024012112)

ANTECEDENTES

1º Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 12 de xaneiro de 2024 aprobáronse as bases reguladoras das Axudas Básicas de Emerxencia nos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o ano 2024 e foron publicadas no BOPPO núm. 15 do 22 de xaneiro de 2024. Estas axudas xorden co obxectivo de lles proporcionar aos concellos de menos de 20.000 habitantes apoio económico, de maneira excepcional e extraordinaria, para poderen atender as demandas de urxente e puntual necesidade das veciñas e veciños que se atopan en situación ou risco de exclusión social, con especial atención ás persoas con menores ao seu cargo.



Na base décimo terceira da convocatoria establécese o 28 de febreiro de 2025 como data límite para presentar a documentación xustificativa da convocatoria.

Na base decimo sétima establécese que estas axudas rexeranse polo establecido nas anteditas bases e será de aplicación supletoria a LXS, a ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2024.

2º Mediante Resolución Presidencial de 18 de marzo de 2024 e número RP2024002227 apróbase ao *Concello de Forcarei*, o gasto das seguintes cantidades, en función da contía solicitada e o orzamento dispoñible:

CONCELLO	GASTO CORRENTE	INVESTIMENTO	TOTAL
FORCAREI	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €

3º Con data 31 de xaneiro de 2025 e número de rexistro 2025001456 a Alcaldesa do Concello de Forcarei presenta solicitude de prórroga para a xustificación das Axudas Básicas de Emerxencia 2025 no que declara: “PRIMEIRO.- *Que actualmente carecemos de persoal técnico de intervención que permita realizar as tarefas relacionadas con facturación e persoal. SEGUNDO.- Que o procedemento para prover a praza foi publicada o 5 de decembro de 2024 no BOPPO, e segue o seu curso para proceder a súa cobertura*”.

4º Segundo o establecido no artigo 30.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións a rendición da conta xustificativa realizarase como máximo no prazo de 3 meses dende a finalización do prazo para a realización da actividade.

5º O artigo 25 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra establece que “*A Deputación Provincial poderá conceder, de oficio ou a petición das persoas interesadas, unha ampliación dos prazos establecidos, sempre que non exceda da metade destes e con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros*”.

6º Con data 31 de xaneiro de 2025 a Xefa do Servizo de Benestar Social valora favorablemente as causas excepcionais que motivan a solicitude de prórroga do Concello de Forcarei e solicita informe de Intervención.

7º Con data 7 de febreiro de 2025, Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme respecto da proposta do servizo de Benestar Social (CSV: P3ERJ4ANI4QNQXBM), sobre a tramitación do expediente de prórroga, no prazo de xustificación das Axudas Básicas de Emerxencia 2024, ao Concello de Forcarei. Facéndose constar que segundo establece a base décimo terceira reguladora das axudas ,podrá concederse a prórroga da xustificación ata, como máximo, o 31 de marzo de 2025.

8º O órgano competente para a aprobación da prórroga no prazo de xustificación das Axudas Básicas de Emerxencia para o exercicio 2024 é a Xunta de Goberno.

De acordo có exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a prórroga no prazo de xustificación das Axudas Básicas de Emerxencia para o exercicio 2024 ao Concello de Forcarei ata, como máximo, o 31 de marzo de 2025.



27.33830.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA FUNDACIÓN MONDARIZ TEMPLO DEL AGUA, DO CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O AUDIOVISUAL “UNIVERSO MONDARIZ, A SERIE DO CENTENARIO (1924-2024)”, APROBADA AO SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 05/07/2024. (Expte.2024019137)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2024, aprobou as Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024 (acordo núm. 2.33478), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 26 de febreiro de 2024 (BOPPO núm. 40).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 5 de xullo de 2024 (acordo núm. 7.33999), acordou concederlle á *Fundación Mondariz Templo del Agua* (CIF: G16840498) unha achega de 3.267,52 euros para a realización do audiovisual "Universo Mondariz, a serie do centenario (1924-2024)", con cargo á aplicación 25/332.3322.789.00.2024 do vixente Orzamento provincial.

Rematado, o 31 de xaneiro de 2025, o prazo establecido para xustificar a axuda concedida, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte da *Fundación Mondariz Templo del Agua*, requiríuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).

Con data 5 de febreiro de 2025, número de rexistro WEB2025007193, a *Fundación Mondariz Templo del Agua* presenta renuncia á subvención concedida no seu día debido á imposibilidade de completar o financiamento do proxecto.

Con data 6 de febreiro de 2025, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa favorablemente esta proposta de renuncia e solicita a fiscalización do expediente e a conformidade da área de Intervención.

Con data 11 de febreiro de 2025, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.
- Bases de execución do Orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base reguladora 14ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

- Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.



CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a Fundación Mondariz Templo del Agua presenta, o 5 de febreiro de 2025, a solicitude formal de renuncia á subvención para a realización do audiovisual "Universo Mondariz, a serie do centenario (1924-2024)", ao abeiro das subvencións en concorrancia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 6 de febreiro de 2025 (CSV:1NZLFDSE2IITXI73), e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 11 de febreiro de 2025 (CSV:JLGKGQCMUE279510), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da *Fundación Mondariz Templo del Agua* á subvención concedida para a realización do audiovisual "*Universo Mondariz, a serie do centenario (1924-2024)*", ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións en concorrancia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlles traslado deste acordo á *Fundación Mondariz Templo del Agua*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

28.33831.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL OS TERRIBLES DE AROUSA, DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A PUBLICACIÓN E AUDIOVISUAL "O PILINDRÍN", APROBADA AO SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 05/07/2024. (Expte.2024024473)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2024, aprobou as Bases reguladoras de subvencións en concorrancia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024 (acordo núm. 2.33478), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 26 de febreiro de 2024 (BOPPO núm. 40).



Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 5 de xullo de 2024 (acordo núm. 7.33999), acordou concederlle á *Asociación Cultural Os Terribles de Arousa* (CIF: G36436947) unha achega de 3.332,87 euros para a publicación e audiovisual “*O Pilindrín*”, con cargo á aplicación 25/332.3322.789.00.2024 do vixente Orzamento provincial.

Con data 28 de xaneiro de 2025, número de rexistro WEB2025005468, a Asociación Cultural Os Terribles de Arousa presenta a documentación xustificativa relativa á citada subvención. Unha vez examinada esta, e de conformidade co establecido nas bases reguladoras da convocatoria, comunícaselle que existen unha serie de defectos e omisións que deberán emendar no prazo de 10 días, de conformidade co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Con data 10 de febreiro de 2025, número de rexistro WEB2025007879, a Asociación Cultural Os Terribles de Arousa presenta renuncia á subvención concedida no seu día pola imposibilidade de presentación da documentación requirida.

Con data 11 de febreiro de 2025, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa favorablemente esta proposta de renuncia e solicita a fiscalización do expediente e a conformidade da área de Intervención.

Con data 11 de febreiro de 2025, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).



- Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.
- Bases de execución do Orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base reguladora 14ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

- Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).



Con suxeición ao antedito, a *Asociación Cultural Os Terribles de Arousa* presenta, o 10 de febreiro de 2025, a solicitude formal de renuncia á subvención para a publicación e audiovisual “*O Pilindrín*”, ao abeiro das subvencións en concorrència competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRIL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 11 de febreiro de 2025 (CSV: AC589MQHJ150LFM5), e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 11 de febreiro de 2025 (CSV: OGPA1PD3A450PN1H), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da *Asociación Cultural Os Terribles de Arousa* á subvención concedida para a publicación e audiovisual “*O Pilindrín*”, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións en concorrència competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.
- Declarar concluído o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlles traslado deste acordo á *Asociación Cultural Os Terribles de Arousa*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

29.33832.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB CICLISMO VAL DO ULLO DO CONCELLO DE VILABOIA PARA "PROXECTO MINIRUTAS DE MONTAÑA EN BICICLETA", APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 08/11/2024. (Expte.2024039710)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 03/05/24 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 (expediente 2024024468). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 92 do 10/05/2024.

Segundo.- En data 04/06/2024 Jenifer M^a Albar López, en representación do *Club Ciclismo Val do Ullo* (NIF: G36236842) presenta solicitude para “*Proxecto Minirutas de montaña en bicicleta*”, achegando un orzamento da actividade por importe de 5.900,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 08/11/24 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 223 de 15/11/2024 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 e no que figura o *Club Ciclismo Val do Ullo* (NIF: G36236842) e na contía de 677,27 € para a actividade solicitada.



Cuarto.- En data 06/02/25 o *Club Ciclismo Val do Ullo* (NIF: G36236842) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestímulo da subvención concedida por non poder xustificar a totalidade do orzamento presentado.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 10/02/2025 a renuncia presentada polo *Club Ciclismo Val do Ullo* (NIF: G36236842).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.



Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno aproba por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Club Ciclismo Val do Ullo* (NIF: G36236842) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 677,27 €, para “*Proxecto Minirutas de montaña en bicicleta*” (documento co CSV: 339E9JVBL83GWIIC).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

30.33833.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CD ESTRADENSE PARA “TORNEO FUTBOL CENTENARIO CD ESTRADENSE”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 08/11/2024. (Expte.2024041811)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 03/05/24 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Expte. 2024024468). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 92 do 10/05/2024.

Segundo.- En data 10/06/2024 Antonio Camba López, en representación do *CD Estradense* (NIF: G36153070) presenta solicitude para “Torneo Fútbol Centenario CD Estradense”, achegando un orzamento da actividade por importe de 7.855,00 €.



Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 08/11/24 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 223 de 15/11/2024 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 e no que figura o e na contía de 901,68 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 06/02/25 o *CD Estradense* (NIF: G36153070) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestímulo da subvención concedida por non celebrarse dito torneo.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 10/02/2025 a renuncia presentada polo CD ESTRADENSE (NIF: G36153070).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.



Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *CD Estradense* (NIF: G36153070) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 901,68 €, para “*Torneo Fútbol Centenario CD Estradense*” (documento co CSV: 5A9VQ1OCSCIJE32N).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

31.33834.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB TRIATLON MAR DE VIGO PARA “II TRIATLÓN DE MENORES CIDADE DE VIGO”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 08/11/2024. (Expte.2024041853)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 03/05/24 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 (expediente 2024024468). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 92 do 10/05/24.



Segundo.- En data 10/06/2024 Lorena García Lago, en representación do *Club Triatlón Mar de Vigo* (NIF:G27730597) presenta solicitude para “II Triatlón Mar de Vigo”, achegando un orzamento da actividade por importe de 4.391,97 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 08/11/24 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 223 de 15/11/2024 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 e no que figura o *Club Triatlón Mar de Vigo* (NIF: G27730597) e na contía de 504,16 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 07/02/25 o *Club Triatlón Mar de Vigo* (NIF: G27730597) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida dado que non dispoñen de facturas para a súa xustificación.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 11/02/2025 a renuncia presentada polo *Club Triatlón Mar de Vigo* (NIF: G27730597).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.



Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Club Triatlón Mar de Vigo* (NIF: G27730597) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 504,16 € para “II Triatlón de menores cidade de Vigo” (documento co CSV: ZH5T9JV173A54E2Z).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



32.33835.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO XADREZ LUCENA DO CONCELLO DE VIGO PARA “FESTA DO XADREZ”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 08/11/2024. (Expte.2024034306)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 03/05/24 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Expte. 2024024468). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 92 do 10/05/24.

Segundo.- En data 24/05/2024 Roberto Paramos Domínguez, en representación do *Xadrez Lucena* (NIF: G36893154) presenta solicitude para “Festa do Xadrez”, achegando un orzamento da actividade por importe de 13.594,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 08/11/24 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 223 de 15/11/2024 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 e no que figura o *Xadrez Lucena* (NIF: G36893154) e na contía de 1.560,47 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 07/02/25 o *Xadrez Lucena* (NIF: G36893154) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida dado que o evento non se celebrou.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 11/02/2025 a renuncia presentada polo *Xadrez Lucena* (NIF: G36893154).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.



Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Xadrez Lucena* (NIF: G36893154) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.560,47 €, para “*Festa do Xadrez*” (documento co CSV: N4FPYFK2TCO95RUU).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

33.33836.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB CAMBADELA DO CONCELLO DE A ESTRADA PARA “ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL - LOITA OLÍMPICA”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 05/12/2024. (Expte.2024045641)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 07 de xuño de 2024 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2024 (expediente 2024024459). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 114, de 12 de xuño de 2024.

Segundo.- En data 26/06/2024 Moisés Iglesias González, en representación do *Club Cambadela* (NIF:G36573244) presenta solicitude para “Ámbito inferior ao estatal – Loita Olímpica”, achegando un orzamento da actividade por importe de 1.829,73 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 05/12/24 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 241 de 12 de decembro de 2024 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2024 e no que figura o *Club Cambadela* (NIF: G36573244) e na contía de 527,44 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 07/02/25 o *Club Cambadela* (NIF: G36573244) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestímulo da subvención concedida por non poder presentar facturas de gastos.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 11/02/2025 a renuncia presentada polo *Club Cambadela* (NIF: G36573244).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.



Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade::

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Club Cambadela* (NIF: G36573244) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 402,08 € para “Ámbito inferior ao estatal – Loita Olímpica” (documento co CSV: 4VN97SB0XJSYCEKG).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

34.33837.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE CONVOCADO PARA A “CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DEPORTIVO DA PROBA CICLISTA “O GRAN CAMIÑO 2025”.
(Expte.2024083384)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 7 de febreiro de 2025, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo da proba ciclista de carácter internacional “*Club Cambadela*”, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Eze Mosquera Events, S.L.

No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 7 de febreiro de 2025, á empresa Eze Mosquera Events, S.L., no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da plataforma de contratación do sector público (PCSP). A citada empresa presentou con data 7/02/2025 a documentación requirida e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresa é a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	115.619,83€
IVE (21 %)	24.280,17€
Importe ofertado con IVE	139.900,00€

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares co seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

EMPRESA	OFERTA	PUNTUACIÓN
Eze Mosquera Events, S.L. (CIF B70351341)	115.619,83€	0,000



Comprobada a documentación presentada, cumpre cos requisitos establecidos nos pregos.

Por Resolución Presidencial número 2025001075 de data 12/02/2025, requírese a empresa Eze Mosquera Events S.L., para que no prazo de 10 días hábiles, acredite a solvencia económica e financeira, técnica e profesional e a constitución da garantía definitiva.

Consta no expediente a constitución da garantía definitiva (carta de pago núm. 12025000021131 de data 17/02/2025 polo importe de 5.781,00 €).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Adxudicar o contrato de patrocinio deportivo da proba ciclista de carácter internacional “O Gran Camiño 2025”, á empresa *Eze Mosquera Events, S.L.* (B70351341), polo seguinte prezo ofertado e conforme ao establecido na súa oferta:

Importe ofertado sen IVE	115.619,83 €
IVE (21 %)	24.280,17 €
Importe ofertado con IVE	139.900,00 €

O prazo de execución do contrato irá dende a sinatura do contrato ata a finalización da proba, que se celebrará entre o 26 de febreiro ata o 2 de marzo de 2025.

Calquera cambio ou modificación na organización ou desenvolvemento do evento, a empresa deberá comunicalo previamente á Deputación de Pontevedra, quen se reserva o dereito para proceder unha vez recibida a comunicación.

En caso de cambios nas datas de realización da proba por causas de forza maior, establece un prazo de duración máximo do contrato ata o 31 de marzo 2025.



Nomear responsable do contrato a Xefatura do servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 25/340.3410.226.02 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: Total.(única factura).

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024083384	
Órgano xestor:	LA006118	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

35.33838.- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “ACONDICIONAMENTO DE OFICINAS DA SEDE CENTRAL DO ORAL EN PONTEVEDRA”. (Expte. 2023035838)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 14 de xuño de 2024 acordou adxudicar empresa COVISAM NORTE, S.L. (CIF B70416011) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra”, por un importe de 254.075,80 € IVE incluído, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.

Resultando.- Que con data 26/07/2024 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 26/11/2024.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 13 de setembro de 2024 acordou suspender a execución do contrato de obras “Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra”, con efectos dende o 26/07/2024, debido a que os traballos se van a executar na planta baixa e primeira da Sede Central do ORAL, onde presta servizo un importante número de traballadores sendo necesario a reorganización da forma de traballo e o traslado de parte do persoal pertencente a este centro xestor a espazos alternativos onde poidan desenvolver as súas funcións de forma adecuada.

Resultando.- Que unha vez solventadas as causas que deron lugar á paralización, con data 08/01/2025 formalizouse entre o contratista e a directora de obra, acta de reinicio das obras, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 08/05/2025.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: CSLSII5ITEXMUUT2, nova acta de paralización das obras formalizada polo contratista e pola directora de obra na data 11/02/2025, quedando nese intre OITENTA E SEIS (86) DÍAS para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta o seguinte: “...O 08.01.2025 asínase acta de reinicio das obras. Efectuada a demolición dos falsos teitos actuais, comprobouse a existencia de humidades importantes no forxado de teito da planta baixa, tanto na zona de acceso xeral como na área de recaudación. Constátase que as ditas filtracións teñen a súa procedencia, por unha banda, nun patio de luces compartido polos edificios situados na Avenida Marín 9 e 11 e, por outra, nas perdas nas tubaxes de auga e calefacción do edificio Marín 11, que discorren polo interior do local lo ORAL. Non é posible continuar coa execución das partidas recollidas no proxecto, ata que as comunidades de propietarios procedan a emendar as deficiencias detectadas, e, deste xeito, se minimice o risco de deterioro de acabados, instalación e equipamento no interior do local do ORAL...”.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: YBFSTGFKDKWUTJ62 informe do xefe de Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que non sé posible continuar coa execución da obra en tanto non se solucionen os problemas de humidades e filtracións atopados tras a demolición dos falsos teitos, non podendo estimarse un prazo para reiniciar a execución da obra. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non subsanen os problemas de humidades e filtración xurdidos. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre OCHENTA E SEIS (86) DIAS para a finalización do prazo de execución...”.

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...dentro dos límites e con sujeción ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”.

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”.



Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. *A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...).* 2. *No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...*”.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender a execución do contrato de obras Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra” con efectos dende o 11/02/2025.

Deberá unirse á acta de suspensión como anexo no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, a medición da obra executada e os materiais acopiados a pe de obra.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre OITENTA E SEIS (86) DIAS, para finalizar a obra.

36.33839.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE LALÍN AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE LALÍN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 6007 GOLETA - CERCIO - ESTRADA RODO GRÁNTEGA DENDE O PQ 2+550 AO PQ 2+800. CONCELLO DE LALÍN” (Expte.2025006291)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 12/02/2025, con número de rexistro WEB2025008304, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *Concello de Lalín* na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª, 23ª das reguladoras do Plan, solicita con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 184.085,77 €, co obxecto do financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *concello de Lalín* para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na EP 6007 Goleta - Cervio - estrada Rodo Grántega dende o pq 2+550 ao pq 2+800. Concello de Lalín*”, sendo o seu orzamento total de 613.619,22 € e quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Orzamento	Subvención a cargo do Plan + Provincia 2024	Achegas doutros Plans
613.619,22	184.085,77	429.533,45 (Convenio Infraestruturas e Vías Provinciais)

O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso de 7.756,03€ da Liña 2, 23.236,15 € da Liña 3 e o total da Liña 4 (= 44.191,40 €) á Liña 1.

A solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan + Provincia 2025, figurando no expediente a documentación requirida.

Precisar que a subvención que se conceda rexerese polas normas reguladoras do convenio que se co-financia, sen superar en ningún os prazos establecidos nas bases para os investimentos incluídos na liña 1 do Plan + Provincia 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/a competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025, ordenación, instrución, procedemento e resolución.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2025.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e visto o informe da xefa do servizo de Cooperación, de data 13/02/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/02/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Lalín* CIF P3602400H a cantidade de 184.085,77 €, con destino ao financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *concello de Lalín* para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na EP 6007 Goleta - Cervio - estrada Rodo Grántega dende o pq 2+550 ao pq 2+800. Concello de Lalín*”, sendo o seu orzamento total de 613.619,22 € e quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Orzamento	Subvención a cargo do Plan + Provincia 2024	Achegas doutros Plans
613.619,22	184.085,77	429.533,45 (Convenio Infraestruturas e Vías Provinciais)

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención e previa aprobación e sinatura de convenio de colaboración, xerarse crédito no correspondente aplicación orzamentaria e realizaranse as oportunas operacións en formalización.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto no Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o *concello de Lalín* e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Lalín*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



37.33840.- ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO “PRD-5000-2021-000380 “INSTALACIÓNS XEOTÉRMICAS SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS PARA O USO TÉRMICO DA ENERXÍA XEOTÉRMICA NOS MUNICIPIOS DE A CAÑIZA E A ILLA DE AROUSA” DENTRO DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA INVERSIÓN EN PROXECTOS SINGULARES LOCAIS DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000) NO MARCO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA”.
(Expte.2021052876)

No expediente consta o informe da Xefatura do Servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da resolución favorable da solicitude de modificación das condicións iniciais relativas ao prazo de execución das actuacións do proxecto PR-D5000-2021-000380 “Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa”, e co obxecto de aceptar a resolución favorable do Director Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (en adiante IDAE) con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2025002224 e data 14/02/2025, a Xefa de Servizo de Cooperación, emite o seguinte informe:

I. ANTECEDENTES

- Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou o día 4/08/2021 (BOE núm. 185) o Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia destinado a municipios de reto demográfico.
- En data 06/11/2021 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa”, asignándolle o rexistro número 202100011097.
- Tras a súa avaliación, en data 01/03/2023, con rexistro de entrada número 2023004575 recíbese resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédese a subvención con cargo aos fondos Next Generation - EU por un importe de 349.276,53 euros, asignándolle o número de proxecto PR-D5000-2021-000380.
- Na devandita resolución recóllense os datos económicos e axuda do expediente por municipio:

Municipio	Inversión total admitida (€)	Custo elixible admitido (€)	*Custo subvencionable (€)	Axuda proposta (€)
Illa de Arousa, A	183.020,97	183.020,97	183.020,97	155.567,82
Cañiza, A	227.892,61	227.892,61	227.892,60	193.708,71
Total proxecto	410.913,58	410.913,58	410.913,57	349.276,53



- *A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2023, adoptou, entre outros, o acordo número 13.32391 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-D500-2021-000380 “INSTALACIÓNS XEOTÉRMICAS SOSTIBLES II: Instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e a Illa de Arousa” e concesión da axuda comprometida pola Deputación ao seu abeiro aos concellos beneficiarios. (Expediente 2021052876).*

Con data 03/02/2025, ao amparo do artigo 17 do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, a Deputación de Pontevedra, solicita ante o IDAE a ampliación do prazo de execución dos traballos necesarios para a execución das actuacións correspondentes ao proxecto PR-D5000-2021-000380 “Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa”, debido a que a licitación da contratación do servizo asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos quedaron deserta, a demora na obtención das correspondentes autorizacións sectoriais e no procedemento de contratación da “Subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións xeotérmicas sostibles II” a Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 16/01/2025 acorda excluír unha das empresas licitadoras.

Ante a demora acumulada debido a estas circunstancias imprevistas, co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros solicítouse a ampliación do prazo en sete meses, regulado no Real Decreto 692/2021, sendo deste xeito o 30/09/2025 a data máxima para executar os traballos relativos á execución das actuacións do proxecto PR-D500-2021-000380.

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 14/02/2025 e con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2025002224, recíbese Resolución Modificativa do Director Xeral do IDAE na que resolve:

- *A ampliación de prazo solicitada para execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto do proxecto PR-D5000-2021-000380 “Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa”, e por tanto modifica a resolución de data 28/02/2023, pola que se conceden a subvención con cargo ao programa DUS 5000.*
- *Quedando establecido o prazo máximo para a realización dos investimentos subvencionables e execución do proxecto é de (total 24 + 7=31) trinta e un meses desde a data de notificación da resolución de concesión e consecuentemente a xustificación da realización dos investimentos subvencionables e da execución do proxecto obxecto de axuda debe realizarse ante o Órgano Instrutor con data límite o 30 de novembro de 2025.*

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- *Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*
- *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS)*



- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)*
- *Bases de execución do presuposto da Deputación para o vixente exercicio*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Base 47ª e 48ª de execución do Presuposto provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.*

Resolución do expediente:

- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *De conformidade co artigo 24.5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a proposta de resolución definitiva, cando resulte procedente de acordo con as bases reguladoras, notificarase aos interesados que fosen propostos como beneficiarios na fase de instrución, para que no prazo previsto en dita normativa comuniquen a súa aceptación.*
- *Artigo 16.4 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra que establece que o acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión da subvención será adoptada polo órgano que a concede, previa instrución do correspondente expediente no que, xunto á proposta razoada do órgano instrutor, se acheguen os informes pertinentes e, segundo o caso, a solicitude ou as alegacións da persoa beneficiaria, sen que poida significar dano aos dereitos de terceiros.*



III.- CONCLUSIONES:

En data 03/02/2025 solicítase ante o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (en adiante IDAE) a modificación do prazo de execución das actuacións do proxecto PR-D5000-2021-000380 “Instalacións xeotérmicas sostíbles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa”.

En data 14/02/2025 (rexistro de entrada número 2025002224) recíbese a Resolución Modificativa do Director Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), na que resolve:

A ampliación de prazo solicitada para execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto PR-D5000-2021-000380 “Instalacións xeotérmicas sostíbles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa”, e por tanto modifica a resolución de data 28/02/2023, pola que se concedeu a subvención con cargo ao programa DUS 5000. Quedando establecido o prazo máximo para a realización dos investimentos subvencionables e execución do proxecto é de (total 24 + 7=31) trinta e un meses desde a data de notificación da resolución de concesión e consecuentemente a xustificación da realización dos investimentos subvencionables e da execución do proxecto obxecto de axuda debe realizarse ante o Órgano Instrutor con data límite o 30 de novembro de 2025.

Visto que por parte do órgano competente da Deputación é necesario realizar a aceptación expresa da resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2025002224 de data 14/02/2025, procede, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables :

Aceptar Resolución Modificativa da ampliación de prazo solicitada para execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto PR-D5000-2021-000380 “Instalacións xeotérmicas sostíbles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa”, e por tanto modifica a resolución de data 28/02/2023, pola que se concedeu a subvención con cargo ao programa DUS 5000. Quedando establecido o prazo máximo para a realización dos investimentos subvencionables e execución do proxecto é de (total 24 + 7=31) trinta e un meses desde a data de notificación da resolución de concesión e consecuentemente a xustificación da realización dos investimentos subvencionables e da execución do proxecto obxecto de axuda debe realizarse ante o Órgano Instrutor con data límite o 30 de novembro de 2025.

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno. Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

*En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.
A xefatura do servizo de Cooperación”*



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefatura do Servizo de Cooperación de data 17/02/2025, e da Intervención provincial de data 17/ 02/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a Resolución Modificativa da ampliación de prazo solicitada para execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto PR-D5000-2021-000380 “*Instalacións xeotérmicas sostíbles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa*”, e por tanto modifica a resolución de data 28/02/2023, pola que se concedeu a subvención con cargo ao programa DUS 5000. Quedando establecido o prazo máximo para a realización dos investimentos subvencionables e execución do proxecto é de (total $24 + 7 = 31$) trinta e un meses desde a data de notificación da resolución de concesión e consecuentemente a xustificación da realización dos investimentos subvencionables e da execución do proxecto obxecto de axuda debe realizarse ante o Órgano Instrutor con data límite o 30 de novembro de 2025.

- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia.

38.33841.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

39.33842.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

40.33843.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

